



- POLA ABOLICIÓN DA DÉBEDA EXTERNA
- POR UN MODELO ECONÓMICO SOLIDARIO
- POLA DIMINUCIÓN DAS EMISIÓN DE CO₂



WWW.VERDEGAIA.ORG
WWW.QUIENDEBEAQUIEN.ORG
WWW.ECOLOGISTASENACCION.ORG

ECOLOGISTAS

en acción

verdegaia

Sustentabilidade Ecolóxica
Xustiza Social
Paz

débeda ecolóxica

- débeda do carbono •
- perda de soberanía •
- biopiratería •
- pasivos ambientais •
- exportación de residuos •





Que é a débeda ecolóxica

É a débeda que teñen os países industrializados cos países empobrecidos por causa do espolio histórico e actual dos seus recursos naturais, polos danos ambientais causados e non reparados, pola ocupación gratuíta ou mal pagada do seu espazo ambiental para depositar residuos, pola perda da súa soberanía alimentaria e polas consecuencias que sofren polo cambio climático provocado polo mundo rico.

Que provoca a débeda ecolóxica

• A débeda do carbono

O inesgotable consumo enerxético dos países industrializados baséase na queima de combustibles fósiles que produce grandes emisións de CO₂, principal gas responsable do cambio climático. As consecuencias desta contaminación atmosférica son globais, e ao estar relacionada co aumento de fenómenos naturais extremos, os países máis pobres e con peores infraestruturas son os que máis sofren as consecuencias.

• A perda da soberanía alimentaria

A soberanía alimentaria é o dereito de cada pobo a protexer a súa produción nacional para alcanzar un desenvolvemento sustentábel, impedindo que os seus mercados se vexan anegados de produtos estranxeiros subvencionados que resultan máis baratos que os de produción local (*Dumping*). Os monocultivos de exportación, impostos polo mundo rico, teñen un gravísimo impacto ambiental e social e obrigan aos produtores do Sur a someterse ao mercado do Norte. Deste xeito, os pobos do Sur non poden decidir a produción que necesitan para autoabastecerse, é dicir, perden a súa soberanía alimentaria.

• A biopiratería

Trátase da apropiación intelectual dos coñecementos ancestrais relacionados coas sementes e o uso das plantas medicinais por parte fundamentalmente de empresas farmacéuticas e agroquímicas, que non se conforman soamente con utilizar estes recursos naturais e o coñecemento tradicional, senón que aprópiáanse en exclusiva deles a través das patentes, cobrando pola súa utilización e privando dos seus beneficios ás comunidades dos países do Sur, pobos dos que xurdiron estes coñecementos e transmitiron durante milleiros de anos.

• Os pasivos ambientais

Son as consecuencias dunha extracción excesiva de recursos naturais (petróleo, minerais, recursos forestais, mariños e xenéticos) por parte dunha empresa para a súa exportación, sen ter en conta os impactos ambientais que causa esa explotación e o deterioro da base para o desenvolvemento dos pobos afectados.

• A exportación de residuos tóxicos

Moitos dos residuos tóxicos orixinados nos países industrializados teñen o seu destino final nos países pobres do Sur que, debido as condicións de pobreza, teñen pouca marxe de elección, polo que acabamos convertíndonos a estes países en auténticos vertedoiros dos países do Norte.

RECLAMAMOS

• A abolición da débeda externa, por ser ilexítima, e o recoñecemento e restitución da débeda ecolóxica por parte dos países do Norte.

• A diminución das emisións dos gases de efecto invernadoiro nos países do Norte que deterioran a capa de ozono e prexudican especialmente os países máis pobres.

• Un modelo económico distinto onde os límites naturais e a solidariedade marquen os criterios de produción e consumo de maneira que desapareza a débeda ecolóxica.

www.verdegaia.org
www.quiendebeaquien.org
www.ecologistasenaccion.org



debe da ecolóxica